SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS

Unha **substancia pura** é unha substancia formada por un único tipo de materia. Exemplos: a auga, o azucre, o ferro, o sal, o diamante...

Unha **mestura** está formada por dúas ou máis substancias puras.

Tipos de mesturas:

- **Mesturas homoxéneas**: nas que non se poden distinguir a simple vista as substancias que as forman. Exemplos: a auga do mar, a auga azucrada, a auga de colonia ou a gasolina.

- **Mesturas heteroxéneas**: nas que si se distinguen os compoñentes que as forman. Exemplos: o granito, unha sopa de fideos ou unha ensalada son mesturas heteroxéneas.

1. **Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):**

Nas substancias puras distínguense os compoñentes.

As mesturas poden ser substancias puras ou mesturas heteroxéneas.

Nas mesturas heteroxéneas os compoñentes distínguense a simple vista.

A auga de mar é unha substancia pura.

Ao mesturar dúas ou máis substancias puras obtense unha mestura.

Se mesturamos calquera líquido con auga obtemos unha mestura homoxénea.

2. **Fíxate e selecciona se é unha mestura homoxénea ou heteroxénea.**

Area de praia

Leite e azucre

Auga e aceite

Auga e sal